



Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2024-2025

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2024, que tivo lugar o 9 de marzo en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as [liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2024-2025](#)

O plan de acción aprobado **non se cumpriu na súa totalidade**; foi necesario dar prioridade ás accións máis asentadas ou con certa urxencia. Fixemos unha renovación da páxina web para un formato máis visual e intuitivo. Desenvolvéronse accións de **xestión cotiá da asociación** (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua e información sobre convocatorias, tanto no marco do proceso de estabilización do emprego temporal coma doutros procesos) e as que supuñan continuidade dos anos anteriores (formación, LGx15, Agasallo e Premios Mil Primavera). Finalizouse a quinta edición dos **Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego** e convocouse a sexta. E organizamos a décima edición do **LGx15**, que se trasladou ao Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: a elaboración do Manual actualizado de xestión administrativa para servizos de normalización lingüística de administracións públicas galegas, na actualidade está en proceso de negociación; en canto ás melloras na comunicación, a creación dunha canle de Telegram.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade de continuidade, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos. As accións máis salientables que se desenvolveron nesta área foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais, as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística ou similares que se publicaron durante o ano (unha praza no Concello Arzúa, outra de técnico/a medio/a de tradución na Deputación Provincial de Pontevedra, na Deputación de Ourense, e abriron unha listaxe de contratación na [Deputación de Lugo...](#)), así como as

convocatorias de subvencións para a creación, mantemento e reforzo de SNL (deputacións da Coruña e Pontevedra e Xunta de Galicia).

- Participación na manifestación nacional de Queremos Galego, o 17 de maio en Compostela.
- A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua **pronunciouse sobre a instrución do Concello de Ferrol que obriga a redactar os contratos exclusivamente en lingua española**. Este texto é a Instrución 3/2024, de implementación de certas medidas de tramitación para a simplificación e axilidade administrativa, que se fixo pública o 20 de marzo.
- Fíxose **seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais e a Xunta en materia de normalización lingüística**.
- As **axudas da Deputación da Coruña** convocáronse o 11 de outubro de 2023, resolvéronse provisionalmente en abril, Concedéronse axudas por un total de 478.000 €, repartidas en 24 beneficiarios (20.000 euros) e un, 18.000 €.

A convocatoria do ano 2025 publicouse o 21 de outubro de 2024 e xa se resolveron definitivamente o día 11 de febreiro de 2025.

- As **axudas da Deputación de Pontevedra**:
 - [para creación, mantemento e reforzo](#) de SNL convocáronse o 5 de abril de 2024 e concedéronse a seis concellos para o mantemento; ningunha para creación nin reforzo. A convocatoria do ano 2025 saíu publicada o día 11 de febreiro.
 - [para actividades de dinamización lingüística](#), que saen para concellos e para entidades sen fin de lucro, concedéronse un total de 150000 euros a 35 concellos. A convocatoria do ano 2025 saíu publicada o día 6 de marzo.
- As **axudas da Xunta** convocáronse o 26 de marzo de 2024 e resolvéronse en xullo. Concedéronse axudas para o mantemento de 30 SNL. Tamén se concederon 46 axudas para actividades de dinamización lingüística en concellos sen SNL e 3 para a creación de Servizo, un en Outes e 2 para agrupamentos de concellos: Negreira-A Baña e Quiroga-Ribas de Sil. Non nos consta que se crease ningún servizo no ano 2024. A convocatoria do ano 2025 publicouse o 4 de marzo.
- Participación da CTNL na concentración que tivo lugar o 17 de novembro en Santiago de Compostela que co lema *Mudemos de rumbo* lle pediu ao Goberno galego unha actualización e aplicación do PXNL
- Participación da CTNL na Manifestación nacional que tivo lugar o día 23 de febreiro en Santiago de Compostela co lema *Lingua vital xa! Paremos a emerxencia lingüística*.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Escolleuse un curso titulado

- **As redes sociais, unha ferramenta valiosa para a normalización lingüística**
 - Datas: 14, 24 e 31 de outubro
 - Duración total: 15 horas
 - Lugar: Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
 - Participación: 15 alumnas/os
 - Docente: **Verónica Ramallal Trevín**, licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, cun máster pola Escola de Medios de La Voz de Galicia. Na actualidade é a CEO de Pekecha como formadora en áreas de Márketing Dixital para cámaras de comercio, confederacións empresariais e varias universidades e escolas de negocio.
 - Valoración: esta actividade formativa foi ben valorada polo alumnado. Entre os detalles para mellorar, botouse en falta máis duración ou máis tempo para consultar o material proporcionado.
 - Colaboraron: a Secretaría Xeral de Política Lingüística no financiamento e a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela na cesión da aula.

3. Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego:

Fixemos público un comunicado onde manifestabamos o noso malestar e sorpresa por non teren contado connosco e mais co persoal técnico dos SNL para traballar na renovación do PXNLG.

4. Accións de promoción da lingua e de transmisión de ideas:

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua (<https://lgx15.gal/>)**

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

A décima edición do LGx15 volveu a Santiago de Compostela, nesta ocasión no Teatro Principal coa colaboración do Concello. Tivo lugar o **26 de outubro de 2024** e a **difusión dos vídeos** realizouse en xaneiro **de 2025**.

Houbo **cinco intervencións**, sete persoas participantes, para transmitir, a través de cadansúa charla, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos.

- Participantes do LGx15 de 2024: Bernardo Penabade, Illa Bufarda, Rodri Míguez, José Manuel Menéndez e Sole Felloza. Conduciu o acto María da Pontragh e contou tamén coa actuación musical de Nadie González.

No financiamento deste proxecto, coma noutras edicións, colaborou a **Secretaría Xeral de Política Lingüística** grazas ao convenio anual que asinamos coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. O **Concello de Santiago de Compostela** colaborou coa cesión do Teatro Principal. E, novamente, contou tamén con **colaboración privada** de **Deleite** que asumiu o pagamento da presentadora e mais da actuación musical.

- **Agasallo. Propostas de regalos en galego**

O proxecto Agasallo, que compila e difunde propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, continuou durante todo este ano nas redes sociais [Facebook](#), [Twitter](#), [Instagram](#) e, como novidade en Blueski.

- **Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>): finalización da quinta edición e convocatoria da sexta**

En 2024 resolveuse a quinta edición dos [Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#), e convocouse a sexta. Estes premios creáronse coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**. Os **obxectivos** dos Premios Mil Primavera son:

- Recoñecer o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística.
- Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.
- Valorar externamente accións, proxectos ou campañas, seleccionar as mellores e sinalalas como modelos que poden ser imitados.
- Difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Os proxectos premiados na quinta edición foron os seguintes:

- **Recuncho Gamer**

Recuncho Gamer, é un proxecto audiovisual, nacido en 2020, que procura a divulgación de forma amena sobre os videoxogos, entendendo estes como un produto cultural non que converxen moitas artes. Co fin de poñer en valor o videoxogo como produto cultural e artístico e normalizar o uso do galego en distintos ámbitos como YouTube ou Twitch.

- **CeibaRimas**

Ceibarimas é un proxecto orientado a normalizar e dinamizar o uso do idioma galego nas artes entre a mocidade. En concreto pretende introducirse no ambiente da xente máis nova a través dos espazos de improvisación oral, isto é, o coñecido

como freestyle ou rap improvisado. Desde o 2020 desenvolve actividades de formación (máis de 40 obradoiros) e competicións de improvisación.

- **Elos. Engánchate ao galego**

Elos é un programa de voluntariado lingüístico, creado e mantido polo Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela, para facilitar o contacto entre persoas que desexan aprender e practicar o galego e persoas que queiran colaborar con elas.

- **Aquí tamén se fala**

Aquí Tamén Se Fala é un proxecto de dinamización lingüística do IES Rafael Dieste da cidade da Coruña deseñado por Alberto Pombo (profesor de Literatura Galega) en colaboración con Arcadio González Nóvoa (profesor de Filosofía e responsábel do EDLG do centro) e desenvolvido por case 100 mozos e mozas estudantes da ESO durante o curso 2022/2023 en máis de 500 espazos de cada barrio da cidade

O [acto de entrega](#) dos V Premios Mil Primaveras tivo lugar no Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra o 8 de xuño de 2024, grazas á colaboración do Concello de Pontevedra. O acto conducírono Rilo&Penadique, coa súa proposta de narración oral e música, actuación sufragada ao abeiro do programa Pontegal da Deputación Provincial de Pontevedra.

En outubro abriuse a convocatoria da sexta edición destes premios, á cal se presentaron un total de 36 proxectos. Nestes momentos o xurado está constituído e valorando as candidaturas.

En todas as edicións deste premio **colaborou a Deputación Provincial de Pontevedra** a través dunha liña de axudas dirixida a asociacións para desenvolver proxectos de dinamización lingüística.

Os Premios Mil Primaveras foron recoñecidos na IV edición dos Premios Alfredo Iglesias na categoría de promoción da lingua. Anxos e Mónica asistiron á gala de entrega do premio, o día 16 de xaneiro no Hotel Congreso nas Mámoas de Motouto en Teo.

- **Outras accións**

Continuamos coa [proposta #veránlingua](#) a través da nosa [conta de Twitter/X](#). Esta acción naceu no verán de 2022 e busca aproveitar o tempo estival para deternos con máis vagar en recursos, publicacións, campañas, vídeos, ferramentas, xogos... de interese para as persoas que traballamos en lingua. Baixo o **cancelo #veránlingua** podemos acceder á escolma das dúas edicións.

Con motivo do 20 aniversario do Plan xeral de normalización lingüística, publicamos no web e enviamos aos medios de comunicación un comunicado.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colabórouse cos [XXVI Encontros para a normalización lingüística. Vivir e perdurar na nosa lingua](#)
 - Lugar e datas: A sesión presencial tivo lugar no Pazo de Raxoi, o 15 de outubro consistiu en catro mesas de debate e unha visita comentada pola Cidade Vella.
 - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
 - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - Conclusións

Accións organizativas e de comunicación

- Renovamos a páxina web para que sexa máis dinámica, visual e adaptada aos tempos. Un dos problemas que tiña a anterior era a cantidade de información que albergaba e o difícil que resultaba atopar algúns documentos. Custounos prescindir de moita documentación, mais procuramos que estivese máis clara a súa clasificación quedando nos seguintes cinco apartados:
 - **A CTNL:** onde definimos quen somos, obxectivos e fins. Tamén aparecen dous subapartados: historia e mais a directiva.
 - **Que facemos:**
 - Formación: os cursos que organizamos nós e o formulario de inscrición.
 - Proxectos: aquí diferenciamos os proxectos que están activos dos que o foron. Enlace ás diferentes páxinas web propias.
 - Publicacións: aqueles manuais editados pola CTNL e tamén recolleemos o Boletín Novas CTNL que aínda que de novas ten pouco pareceunos interesante recollelo como documento histórico.
 - Propostas: aquí recolleemos as propostas máis salientables que ten feito a CTNL para mellorarmos a situación dos SNL e da lingua en xeral.
 - Outras accións: manifestos e escritos (queixas, solicitudes, manifestos, peticións...) Informes elaborados pola CTNL e estudos e análises.
 - **Actualidade:** equivale ao antigo Novas
 - **Contacto:** todos os nosos enderezos de correo electrónico activos
 - **Asociarse:** formulario e vantaxes de estarmos asociados
 - **Báners fixos:** para asociarse, Queremos Galego, Kit de normalización e a nosa canle de youtube
- Renovouse o seguro de responsabilidade civil.
- Nas comisións e plataformas de que forma parte a CTNL fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:

- Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL). Esta entidade non se reuniu durante o ano 2024.
 - Plataforma Queremos Galego. Reactiváronse as reunións froito dos resultados revelados polo Instituto Galego de Estatística de descenso do uso e coñecemento da lingua galega así como o do Informe do Consello de Europa.
 - **Foro Social do Instituto da Lingua Galega** constituído o día 2 de xullo de 2024. De momento só houbo esta reunión onde coñecemos as persoas que forman parte do Foro e, moi por riba, as funcións deste.
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas etc.
 - Retomamos o contacto coa Universidade da Coruña para a colaboración no Curso de Verán Traballando en lingua. Falóusenos, a través da técnica de lingua de Carballo, de que querían que a Ctnl volvese participar neste curso levando mesas de traballo práctico para tentar chegar a proxectos concretos que se puidesen aplicar nos SNL. Non concretamos nada.
 - Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que este ano incluíu o LGx15 e a realización dun curso. Na actualidade estamos pendentes de marcar unha reunión co SXL para solicitar un aumento da contía.
 - Solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a finalización da quinta edición dos Premios Mil Primaveras e para a convocatoria da sexta.
 - Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - **Webs**: mantívose actualizado o [web da CTNL](#), onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
 - **Boletín electrónico**: para mandar o boletín emprégase a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse aproximadamente **25 boletíns**.
 - Mantívose algunha presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Nós Diario, Nós Televisión, Galicia Confidencial, GCiencia, Código Cero, Xornal da Coruña...*), que recolleron algunha da información que se lles trasladou sobre accións e campañas.
 - A raíz do comunicado da CTNL valorando os 20 anos do PXNLG, participamos na serie de entrevistas *Pacto polo galego* de Nós televisión, e fixéronos unha reportaxe en Praza.gal
 - Participación no podcast Longalingua de A Mesa para falarmos do traballo que desenvolve a Ctnl e explicarmos a nosa valoración sobre os datos de coñecemento e uso do galego que fixo públicos o IGE en outubro do pasado ano.



- Continuou a presenza con melloras nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL (Facebook, Twitter, Instagram, YouTube e a nova incorporación de Bluesky) como das específicas de accións e campañas concretas.
- Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 2 de marzo de 2025):
 - Seguidores/as FB CTNL: 5348 seguidores/as
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 5211 seguidores/as
 - Subscritores/as YouTube da CTNL: 1890 subscritores/as
 - Seguidores/as Instagram CTNL: 878 seguidores/as
 - Seguidores Bluesky CTNL: 117 seguidores/as
 - Seguidores/as FB LGx15: 2942 seguidores/as
 - Seguidores/as FB Agasallo: 6689 seguidores/as
 - Seguidores/as Twitter Agasallo: 2740 seguidores/as
 - Seguidores/as Instagram Agasallo: 941 seguidores/as
 - Seguidores/as Bluesky Agasallo: 60 seguidores/as